



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 4

Sesión plenaria
16 de abril de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único.

Declaración institucional de apertura da XII legislatura.



SUMARIO

Ábrese a sesión ás doce e trinta e un minutos do mediodía.

Declaración institucional de apertura da XII lexislatura. (Punto único da orde do día.)

A señora secretaria da Mesa (Vázquez Mourelle) le a orde do día. (Páx. 4.)

O señor presidente pronuncia o discurso da declaración institucional de apertura da XII lexislatura.
(Páx. 4.)

As señoras deputadas e os señores deputados, os membros do Goberno e da Mesa, así como os demais asistentes á sesión, postos en pé, cantan o himno galego. (Páx. 9.)

Remata a sesión ás doce e cincuenta e sete minutos do mediodía.



Ábrese a sesión ás doce e trinta e un minutos do mediodía.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura, e non se xustifican inasistencias.

Entramos, sen máis, no desenvolvemento da orde do día, e para iso prégoles á secretaria da Mesa, a señora Vázquez Mourelle, que dea lectura á orde do día.

A señora SECRETARIA (Vázquez Mourelle): Grazas.

Punto único. Declaración institucional de apertura da XII lexislatura.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Declaración institucional de apertura da XII lexislatura

O señor PRESIDENTE: Presidente da Xunta de Galicia, conselleiras e conselleiros, Mesa do Parlamento, portavoces, señoras e señores deputados, alcaldesa de Santiago de Compostela, expresidenta e expresidente do Parlamento de Galicia, conselleiro maior do Consello de Contas, senador, secretaria xeral de Medios, director xeral do Gabinete Técnico da Presidencia da Xunta, directora xeral de Relacións Parlamentarias, delegado e delegada territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra e Vigo, presidente do Consello Económico e Social de Galicia, presidenta da Real Academia Galega de Belas Artes, medallas do Parlamento presentes: Estatuto dos Dezaseis, Xeración Nós e Cáritas Diocesana de Lugo, exdeputadas e exdeputados do Parlamento de Galicia, medios de comunicación, persoal do Parlamento de Galicia e dos grupos parlamentarios, señoras e señores:

Dise con frecuencia que sen parlamento non hai democracia. Poden existir —e de feito hai— pseudoparlamentos —chámense Duma ou Asemblea Suprema do Pobo— para distraer a atención respecto á falta de liberdade e de pluralidade que caracteriza os réximes totalitarios, mais é o certo que calquera democracia que se recoñeza como tal necesita dun parlamento solidamente enraizado como o que nos acolle neste acto.

Porque, en efecto, o Reino de España e, dentro del, a Galicia dos nosos días, contan cunha democracia plena que ten nesta Cámara o seu principal alicerce, polo que con razón afirmamos que este Parlamento é a primeira institución de Galicia.

Unha democracia forte require un parlamento forte, consolidado, como o principal escenario do debate político.

Señoras e señores deputados, xornalistas acreditados, persoas convidadas, sexan benvidos á casa de todos e de todas —de todos os galegos—, ao tempo que saudamos con cordial



afecto a cantos seguen esta solemne sesión de apertura da XII lexislatura do Parlamento de Galicia a través da emisión web do Parlamento, da institución.

Principia hoxe a XII lexislatura do Parlamento de Galicia, despois de corenta e dous anos de vida —imos camiño xa dos corenta e tres—. Unha institución que encarna a autonomía política da comunidade, unha etapa vizosa en resultados que, día tras día, foron tomando forma para brindar aos galegos e ás galegas unha crecente calidade de vida.

Na beiramar ou na montaña, nas vilas, nas aldeas ou nas cidades, a Galicia do último medio século foi mudando paseniñamente, e sempre para mellor. Son avances froito, en boa parte, da autonomía que fomos quen de edificar con sentidiño, ao tempo que a España constitucional, casa común, consolidaba a súa democracia e se afianzaba a integración real na Europa comunitaria, da que, por dereito, por historia e por vocación, formamos parte. Espírito europeo, solidamente arraigado, que as galegas e os galegos contribuímos a configurar dende hai séculos. Sabémolo ben pola nosa condición de meta do Camiño de Santiago.

Despois de todo tipo de vicisitudes históricas, algunhas das cales se saldaron con «sangue, suor e bágoas» —tomando prestada esta coñecida expresión— e dunha longuíssima «noite de pedra», Galicia conseguiu consolidar o seu propio modelo de autogoberno: plural, democrático, avanzado e útil para os intereses da xente.

É este un modelo de autonomía política acaído ás nosas necesidades, plenamente inserido no marco constitucional e estatutario, crecentemente avalado pola cidadanía e reiteradamente afastado, por decisión expresada nas urnas, dos extremos, dun e doutro signo, xa asentados en ámbitos xeográficos ben próximos ao noso.

Esta, a representada por cada un dos 75 deputados e deputadas que formamos parte desta Cámara, é a Galicia real á que todos nos debemos; unha Galicia que foxe do enfrontamento estéril e reclama solucións —se for posible dialogadas— para os retos dunha e doutra índole que asomarán ás nosas portas. Unha Galicia á que todos e todas nos debemos, mesmo por riba da militancia que nos conduciu a estes escanos. Unha Galicia que nos convoca a través das diferentes ferramentas que o vixente ordenamento xurídico pon nas nosas mans: sexa a través da función electiva, que hai uns días nos permitiu designar o titular da Presidencia da Xunta de Galicia; sexa por medio da función de control e impulso da acción de goberno, que abre tamén un amplo abano de posibilidades; ou sexa a través da función lexislativa, que atangue practicamente en exclusiva as súas señorías, para dotar a Galicia dun corpus lexislativo acaído ás necesidades de cada momento.

Cómpre, neste sentido, animar as señoras e señores deputados a primaren a vertente cualitativa sobre a cuantitativa, malia que esta última resulte sempre tentadora. Refírome á importancia de elaborar boas leis, no canto de producir moitas leis.

Asistimos a unha hiperinflación lexislativa non sempre xustificada. Refírome ás máis de 400.000 normas promulgadas polo conxunto dos parlamentos e administracións públicas en todo o período democrático (1979-2022); unha suma abafante, nalgúns ocasións, para persoas e colectivos.



Veñen á miña memoria, neste sentido, as xustas reivindicacións dos nosos labregos e gandeiros, aos que a excesiva normativa emanada de diferentes ámbitos competenciais condiciona ata extremos dificilmente comprensibles, ao tempo que lles resta horas de traballo nas cortes ou no agro. Demandas do noso agro e do mar, dos autónomos, das empresas... que temos a obriga de escoitar.

A recente polémica relacionada coa obriga de rexistrar os galiñeiros domésticos destinados ao autoconsumo constitúe outra mostra elocuente da proliferación normativa xestada en despachos oficiais, tan afastados da realidade como descoñecedores do día a día dos nosos paisanos.

Unha e outra son realidades significativas que nos deberían facer reflexionar como exemplos que deberíamos evitar nesta Cámara. Refírome á necesidade de interiorizarnos, como imperativo, o deber de facilitar co noso traballo a vida das persoas e das empresas en lugar de complicárllela con normas de cuestionable utilidade que ninguén reclama. Resulta, obviamente, unha tarefa complexa, porque dar co equilibrio nunca resultou doado. A reflexión sosegada e o contacto coa xente foron e continúan a ser unha fórmula adecuada para facermos o noso traballo.

O recoñecido divulgador Johann Hari, autor dun libro de éxito sobre o valor da atención, lémbra-nos que «unha poboación que non pode prestar atención e pensar profundamente non pode ser, a longo prazo, unha democracia».

Esta necesidade de reflexión é para todas as persoas, e moi especialmente para as que desempeñamos responsabilidades públicas. As redes sociais e as diferentes ferramentas tecnolóxicas chegaron para quedar, coas súas vantaxes e os seus inconvenientes. Pero ningunha pantalla pode nin debe substituír o contacto coa xente, e o intercambio de pareceres, sempre enriquecedor para calquera persoa, é imprescindible se queremos desenvolver unha política útil e responder con acerto ao que a cidadanía agarda de nós.

O contacto coa xente sempre é necesario, tamén o é para afondar na obriga de continuarmos dando a coñecer este Parlamento, dentro e fóra deste recinto. É unha estratexia coral para a que de novo emprazo as súas señorías, igual que para o desenvolvemento dunha política cultural propia encamiñada a enxalzar os valores intrínsecos de Galicia que sustentan a razón de ser do noso autogoberno.

Abrir o Parlamento á sociedade é sempre unha obriga, poida que máis imperiosa nos tempos que corren por mor da corrente de desafección social respecto das institucións democráticas. Refírome a unha apertura en todos os aspectos, incluída a mellora da accesibilidade ao Pazo do Hórreo, actualmente obxecto dunha intervención que agardamos poñer en servizo nos próximos meses.

Malia que resulte obvio, unha das claves do desenvolvemento económico e social de que gozamos en Occidente reside no liberalismo; unha filosofía que transcende as siglas políticas e que ten a súa razón de ser en principios unanimemente aceptados. Refírome á «democracia política, as limitacións aos poderes do Goberno, o desenvolvemento dos



dereitos humanos universais, a igualdade legal para todos os cidadáns adultos, a liberdade de expresión, o respecto polo valor da diversidade de puntos de vista, polo debate honesto e polas probas e a razón, a separación entre igrexa e estado e a liberdade relixiosa. Estes valores liberais naceron como ideais, e fixeron falta séculos de loita contra a teocracia, o escravismo, o patriarcado, o colonialismo, o fascismo e outras moitas formas de discriminación para honralos como facemos hoxe en día, aínda de maneira imperfecta», como ben nos recordan Helen Pluckrose e James Lindsay nun recente ensaio titulado *Teorías cínicas*, onde nos advirten con asombrosa clarividencia sobre os riscos do activismo que xira arredor da raza, o xénero ou a identidade e que, no fondo, prexudica a todos.

Factores diversos contribúen ao debilitamento das nosas democracias: os conflitos bélicos e o cuestionamento do dereito internacional, no ámbito externo; e, xa en clave interna, a perda de confianza nas institucións, moitas veces alentada polo comportamento inapropiado dos políticos que as dirixen. Factores como as campañas de desinformación ou as noticias falsas, que atopan nas redes sociais un rico caldo de cultivo, constitúen un grave perigo para calquera sociedade democrática.

Fronte a esta realidade, quero —e coído que a totalidade das súas señorías coincidirán comigo— reivindicar solemnemente o traballo dos xornalistas e dos medios de comunicación, como os que hoxe seguen esta sesión e decote as actividades desta Cámara. Elas e eles constitúen un alicerce fundamental de calquera sistema democrático, e cómpre sermos consciente diso.

Vivimos tempos intensos de mudanza acelerada, de redefinición dos dereitos e deberes da cidadanía, na economía, na sociedade; na vida, en suma. A conquista de novos dereitos non pode nin debe cimentarse sobre a polarización extrema que paira sobre a política dos nosos días e pecha camiño a calquera intento de diálogo e de achegamento entre persoas e formacións diverxentes. Porque a democracia, en xeral, e os parlamentos democráticos, en particular, teñen —todos temos— unha especial obriga de cultivaren a concordia, non tanto en beneficio propio como na procura do entendemento colectivo, que se traduce en ben común e en sociedades máis abertas e tolerantes.

Fronte ás teorías importadas nalgúns casos da outra beira do Atlántico —como sinalei—, busquemos, señorías, a vía galega, a vía do sentidiño, a vía da cordura, a vía da política útil que a xente nos reclama día tras día.

Créanme que fago este chamamento dende o profundo orgullo que me inspira a moderación característica do pobo galego, por agora moderadamente inmune fronte a esas correntes importadas, e tamén coa esperanza de blindar a traxectoria desta Cámara, allea dende hai tempo á convulsión que se rexistra en institucións homólogas.

Por fortuna, e sempre en opinión de quen lles fala, Galicia é un lugar inhóspito para os populismos extremistas, como quedou acreditado co resultado electoral que hoxe vemos reflectido nesta Cámara, á cal as urnas blindaron cunha estabilidade e cunha moderación ausentes noutras latitudes.



Fronte á crispación da política nacional, mais non só da nacional, en Galicia, respecto e sentido, como o que caracterizou o clima político rexistrado neste hemiciclo na pasada lexislatura e como o que agardo que defina o proceder duns e doutros no mandato parlamentario que hoxe comeza.

Xa o dixen na sesión constitutiva e reitéroo hoxe: a nada contribúe a descualificación persoal nun debate. Pode e debe debaterse con vehemencia, confrontar argumentos diametralmente opostos, mais civilizadamente, como tratamos de ensinar nós aos nosos novos, coa esperanza de edificarmos unha sociedade mellor e como a que, con toda razón, se nos demanda.

Seguranza xurídica, moderación, normalidade, previsibilidade ou liberdade son valores felizmente consolidados nesta terra; tamén en boa parte como consecuencia do labor deste Parlamento e das normas emanadas del.

Liberdade, que é unha das esencias de calquera democracia e que eu convido as súas señorías a continuaren exercendo como o viñeron facendo ata agora no desempeño da alta maxistratura que lles foi encomendada.

Liberdade, como a que nos caracterizou ata agora, elixindo facermos do galego a lingua habitual nesta Cámara, exemplo de compromiso co que, sen dúbida, é un dos nosos principais sinais de identidade; unha riqueza que temos a obriga de impulsar e de protexer con todas as nosas enerxías, sen que iso deba ser obxecto de reproche nin de interpretacións estrañas, especialmente por parte de quen non tivo o privilexio arriquecedor de vivir nun contexto bilingüe.

«Somos emigrantes sen necesidade de movernos se fuximos do noso propio idioma». Conmovedora reflexión, que moitos asumimos como propia, atribuída a Luísa Villalta pola súa biógrafa, María Canosa.

«O Parlamento galego será o templo da lingua nai, da nosa fala admirareira, que sabe como ningunha das divinas saudades e das inquedades secretas», como sinalou, en verbas providenciais, don Manuel Iglesias Corral, presidente da Mesa de Idade na sesión constitutiva da primeira lexislatura.

Naquela mesma sesión, o primeiro presidente da Cámara, don Antonio Rosón, compartía unha arela tan viva daquela como agora: «Coa axuda de todos...» —decía—, «...o Parlamento galego terá de ser a institución que Galicia agarda, o eixo da nosa vida colectiva e democrática, aberta ás nosas realidades presentes e futuras». (...) «Temos conciencia do significado que este acto ten na nosa historia, así como da responsabilidade que a nós, como parlamentarios, nos incumbe. Todos asumimos esas responsabilidades co espírito nobre e xeneroso que invocaba o noso bardo Pondal, porque todos sabemos e sentimos que o Parlamento encarna a representación máis lexítima da vontade do noso pobo. Todos sabemos que o Parlamento ha de ser un órgano vivo que lle dea a Galicia a súa unidade interna, superando as fracturas impostas (...) que nos desenvolva tamén a confianza en nós mesmos».

Volvemos, para concluír, á autora homenaxeada no Día das Letras Galegas deste ano, Luísa Villalta: «Onde nós non hai nunca outro destino/ que ser anónimo fin/ ou un glorioso co-



mezo». Glorioso comezo que invoco para a lexislatura que principia con esta sesión solemne de apertura, e tamén coa esperanza de que, entre todas e todos, sexamos quen de traballar con éxito na procura dunha Galicia mellor.

Remato cun desexo: paz e saúde.

Queda dito e que así sexa.

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*


(As señoras deputadas e os señores deputados, os membros do Goberno e da Mesa, así como os demais asistentes á sesión, postos en pé, escoitan e cantan o himno galego.) (Aplausos.)

Remata aquí a sesión.

E moitas grazas a todos pola asistencia.

Remata a sesión ás doce e cincuenta e sete minutos do mediodía.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

